



**Concello de Vila de Cruces**

Praza D. Juan Carlos I

36590 Pontevedra

**REQUIRIMENTO DE EMENDA DA SOLICITUDE DE ACCESO A INFORMACIÓN**

**Solicitante:** Concello de Vila de Cruces

**Expedientes afectados:** Parque Eólico Cunca

**Nº Expediente:** AIP: AIP-EN-SC\_2021\_66

O 12 de xullo de 2021, o Servizo de Ordenación e Coordinación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, remitiu á Xefatura Territorial de Pontevedra a solicitude do Concello de Vila de Cruces dunha copia do expediente administrativo completo correspondente á Resolución do 24 de marzo de 2021. da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto do parque eólico Cunca, situado no Concello de Vila de Cruces, provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/02).

A resolución do 24 de marzo de 2021 desta xefatura forma parte do procedemento de autorización administrativa das instalacións do parque eólico e de aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. Esta xefatura, como unidade responsable da tramitación, someteu a información pública e simultaneamente ao trámite de audiencia e consultas ás administracións públicas afectadas e as persoas interesadas o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial, solicitando os informes requiridos segundo o artigo 33.12 da Lei 8/2009. Cando finalice, e o promotor presente os documentos definitivos adaptados aos informes e alegacións recibidos durante o trámite de información pública e consultas ás administracións públicas e persoas interesadas, se remitirá o expediente completo á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais que como órgano substantivo por razón de materia remitirá á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático para que se formule a DIA (Declaración de Impacto Ambiental). Unha vez finalizada a instrución do procedemento administrativo de autorización e acreditado os requisitos indispensables para o outorgamento, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais ditará unha resolución ao respecto do outorgamento da autorización administrativa previa e de construción do parque eólico.

Cabe destacar que con anterioridade a remisión do expediente a esta xefatura para súa instrución, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, como trámite previo, realizou consultas á Dirección Xeral de Calidade Ambiental.

Como xa se indicou no punto anterior, o 24 de marzo de 2021, esta xefatura someteu a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto do parque eólico Cunca e, o 8 de abril de 2021, esta xefatura trasladou ao Concello de Vila de Cruces a seguinte documentación:





Resolución de información pública; Proxecto de execución; Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

Na actualidade, no expediente IN408A 2019/02 do parque eólico Cunca consta dun número elevado de documentación, tales como, máis de tres mil quíntas alegacións, unha serie de informes, as contestacións do promotor, as consultas previas, etc. Documentación que antes de ser fotocopiada e posta a disposición do solicitante debe ser disociada atendendo a normativa vixente.

Analizada a solicitude, obsérvase que esta, nos termos en que está formulada, afecta a un número indeterminado documentos, que en caso de ser atendida obstaculizaría o normal funcionamento desta unidade.

Tendo en consta todo o exposto e conforme aos seguintes artigos:

O artigo 18.1.e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno que considera causa de inadmisión o carácter abusivo da solicitude non xustificada coa finalidade de transparencia da lei.

O artigo 19.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, dispón que “cando unha solicitude non identifique de forma suficiente a información, pediráselle ao solicitante que a concrete, nun prazo de dez días, coa indicación de que, en caso de non facelo, teráselle por desistido, así como da suspensión do prazo para ditar resolución”.

Pola súa banda, o artigo 10.2.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente establece que “cando unha solicitude de información ambiental estea formulada de maneira imprecisa, a autoridade pública pedirá ao solicitante que a concrete e asistíralle para concretar a súa petición de información o antes posible e, a máis tardar, antes de que expire o prazo establecido no apartado 2.c).1º.”

En relación con aquelas solicitudes que se refiran a un volume tal de información ou documentación que afecte ao normal funcionamento da unidade administrativa, cómpre ter en conta que o artigo 13.1 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente dispón que “As autoridades públicas poderán denegar as solicitudes de información ambiental cando conorra calquera das circunstancias que se indican a continuación: (...) b) Que a solicitude sexa manifestamente irrazonable, c) Que a solicitude estea formulada de maneira excesivamente xeral, tendo en conta o disposto no artigo 10.2.a)”.

**Requíreselle** para que, no prazo de dez días que se contará dende o seguinte ao da notificación deste requirimento, reformule a súa solicitude de acordo coas seguintes indicacións:

- Identifique, concrete e especifique o máximo posible a información solicitada (proxectos, informes, alegacións, etc.)
- Circunscriba ou restrinja a información ou documentación que solicita.

De ser necesaria unha vista do expediente para poder concretar a documentación que solicita, infórmaselle que todo o expediente estará a súa disposición para consulta nas dependencias da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en Pontevedra, na avenida María Victoria Moreno, nº 43, 5ª planta (Servizo de Enerxía e Minas). Debido ao Protocolo de medidas preventivas





fronte ao coronavirus nos servizos de rexistro e atención á cidadanía (Resolución do 27 de abril de 2020), debe solicitar cita previa a través del teléfono do 986805237.

Advírteselle expresamente que, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, de non darse cumprimento a todos os puntos deste requirimento, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da mesma lei.

Este requirimento suspende o prazo máximo legal para resolver e notificar a resolución polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario, ou, no seu defecto, polo do prazo concedido de conformidade cos artigos 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e 19.2 da Lei 129/2013, do 9 de decembro.

De ser preciso o asesoramento de persoal desta unidade administrativa para os efectos de dar adecuado cumprimento a este requirimento, pode poñerse en contacto no teléfono 986805237. O asesoramento que se preste non incluírá, en ningún caso, a subministración da información ou documentación que se solicita e tampouco suspenderá nin interromperá o prazo de dez días concedido neste requirimento.

Pontevedra, asinado dixitalmente  
A xefa do Servizo de Enerxía e Minas  
P.A.: O xefe do Servizo de Administración Industrial  
Eugenio Fernández Piñeiro

